



Inicio

Novas

Opinión

Entrevistas

Axenda

Relatos

Colaboradores

Certames

Bitácoras

RSS dos contidos


Segue o twitter

Segue o Facebook

Mércores, Outubro 03, 2012

Hostiazos literarios da música do país (1 de 3)

Setembro 5, 2012 | Sección: Opinión | Preme aquí para ver todos os artigos de: Redacción



Samuel L. Paris

Un artigo de Samuel L. Paris

Farto do menosprecio constante por parte da culturallada imbécil deste país a respecto das letras de moitas cancións á hora de seren consideradas como literatura (crema), pensei que non era mal asunto amosar unha visión totalmente subxectiva dalgúns fragmentos que considero necesarios, brutais e necesarios (iso xa o dixeran). Para isto farei unha pequena selección de textos tirados de diferentes cancións de bandas do país e comentareinas como se fose interesante o que digo. Facer coma quen. Esvarar.

Para esta escolla baseime no que me saíu dos collóns. Das pelotas.

Van os primeiros tres anacos de letras de cancións desta serie de artigos:

1. *Eu tiña unha nena que disque era da ETA*

e tanto a quería que nunca a puiden denunciar

[Familia Caamagno, “Mala herba”]

Gustariame que o cadáver de deus estivese construído en cuspe para poder lanzalo ao aire e recollelo coa boca novamente cada vez que cantan isto.

O amor é presentado como atrocidade incomprensible (quei me gustas-xa non me gustas-quérote-es un pelexo) apoiado nunha bela realidade do imaxinario arredista. Ter a alguén (a gaiola) e confundir o desexo até o extremo de perder o norte sobre o verdadeiro valor da loita armada (coito desarmados?). Rapaza, es unha mala herba, pero, hostia, como me prestas. Creo que sabemos de que estamos a falar, non si? Zangief era o mellor loitador do Street Fighter II, non si?

Esta banda de psicotroiteiros deron no cravo. Ademais, non permite tamén a lectura de que a quen quería realmente era a ETA? Mentres intento adiviñalo non deixo de bailar con esta versión de “Poison Ivy”, o clásico de The Coasters. De bailar como un retrasado moi feliz.

2. *Que chova, hostia! Que chova!*

Eu son feliz sendo triste

[Fluzo, “Mundo verde”]

A base desta canción é a froita que non se vende nas prazas de abastos e sobre esta organicidade as letras escorren con emotividade ben levada (sen papahostiadas). Estes versos aparecen xusto antes da entrada do primeiro retrouso e resoan na cabeza (escoitade con cascos até enxordecer) como unha patada nos órganos por nacer de nenos que aínda pensan que La Gallina Azul é unha Galescola.

Todos somos felices sendo tristes. A felicidade é un invento do capital.

3. *Pipas para todos*

Pipas para nadie

[John Happy Driver, “John Happy Driver”]

Normalmente as cancións que se titulan co mesmo nome que a banda que as compón e interpreta son un saco de estrume. Neste caso, o tema non só se salva grazas a estes versos, senón que o elevan a un nivel “Marta del Castillo” no que á combinación actitude e contido se refire.

O contexto é importante para chegar á miña interpretación. Os John Happy Driver puxéronse o nome en homenaxe a Juan, un condutor moi coñecido pola banda da Ría de Muros. Un home famoso polo bo trato que dá ás persoas que viaxan no seu autobús. Iso si, as pipas, nin velas.

Con todo, que na parte rápida e dura da canción as liñas que se che repitan na cabeza (prognóstico: RESACA) sexan as que sinalen arriba leva a varias posibles lecturas. Unha delas, e para min unha das máis caralludas, é a dun “para tod@s todo” zapatista, mais que desta volta non se reduce a un reparto equitativo de recursos, riqueza e pobreza. Isto, como todas compartimos, sería a clásica

Compárte nas redes:

[Tweet](#)

Segue Letra en Obras en Twitter:

mamarrachada “buenrollista”. Non. Os John Happy Driver tamén achegan unha necesaria lectura en negativo da igualdade: a igualdade polo baleiro.

Eu non teño nada? Pois ti, hostias.

5 Responses to *Hostiazos literarios da música do país (1 de 3)*

Pingback: Música Vs. Literatura no Letra en Obras « Parará, París



lol

Setembro 5, 2012 - 1:26 p.m.

Vaia merda de artigo, mal redactado e incongruente.

Hai moito que mellorar, raparigo!

[Responder](#)



Vidal

Setembro 5, 2012 - 4:23 p.m.

Resposta da culturallada: «Aprezamos moito o seu achegamento e estudarémosto, pero faga o favor de falarnos con tecnicismos. Non queremos nada remotamente leve en ningunha das palabras que han deleitar os nosos sentidos.»

[Responder](#)



Bidan

Setembro 6, 2012 - 12:45 a.m.

O compricado sería facer crítica de boas letras, penso. Ahí a tarefa de recerca sería digna de eloxio. Quédomo coa frase «Eu son feliz sendo triste». Non sei por que pensei en Cristiano Ronaldo...

[Responder](#)



pepe lago

Setembro 9, 2012 - 8:13 p.m.

Magníficas letras deste raparigo, o tal Samuel.

[Responder](#)

Deixa unha resposta

O teu enderezo electrónico non se publicará Os campos obrigatorios están marcados con *

Nome *

Enderezo electrónico *

Sitio web

Comentario

Podes utilizar estas etiquetas e atributos [HTML](#): <abbr title=""> <acronym title=""> <blockquote cite=""> <code> <del datetime=""> <i> <q cite=""> <strike>

[Enviar o comentario](#)

Nas redes



Recorda



Da túa colaboración depende que isto teña sentido. Gustaríanos ben saber de ti e do que fas.

Etiquetas

17 de maio A Estrada Alber Ponte Alberto Rodríguez Díaz **Albert Tortajada**
 Analía G. Alonso **Antonio Mira** Anxos Sumai audiovisual Biblos cadáver exquisito
Carla Capeáns Carlos Casares Concello de Piñor Culturalgal Deputación da
 Coruña Díaz Jácome **entrevista** escritura colectiva galego Henrique